



Probas de adestramento

Instrucións para realizalas

Estas son as probas da Academia de Superheroes de verdade de Jotam. Para realizalas, necesitas mostrar o panel de cada unha aos nenos e ás nenas. As probas corresponden a uns valores e teñen un adhesivo coa inicial do mesmo que o representa. Ao superar cada unha delas, entregar aos nenos/ as o seu adhesivo correspondente e felicitalos por conseguila.

Proba nº1 Saber quen me necesita

Como facer esta proba?
Mostrar aos nenos e nenas as ilustracións da proba. Pode realizarse de dúas maneiras:
-Enumerar as emocións, dunha nunha, e pedir aos/ás nenos/as que identifiquen a que personaxe corresponden.
-Sinalar aos personaxes e pedir aos nenos e ás nenas que digan en que estado se atopan.

Proba nº 2 Solidariedade

Como facer esta proba?
Mostrar aos/ás nenos/as as ilustracións da proba. Para realizala, debes pedir que presten atención ás situacións das imaxes e lanzar a pregunta correspondente a cada unha delas para que elixan cal sería o comportamento máis axeitado. Preguntar a todo o grupo á vez e pedir que, para responder, levanten a man na opción coa que estean de acordo.

A. Hai cola no tobogán:
Cóome e subo eu.
Espero na cola a miña quenda.
Enfádome e voume.

B. Vexo a un compañeiro só no recreo:
Sigo xogando cos meus amigos/as.
Vou buscalo e convidoo a xogar comigo.
Ríome del porque está só.

C. Cando estou traballando...
Trato con coidado as cousas porque son de todos.
Non me importa se rompo algo.
Cando me aburro, tiro ao chan as pinturas.

Preguntar a todo o grupo á vez e pedir que, para responder, levanten a man na opción coa que estean de acordo.

Unha vez completada, entregar o adhesivo correspondente ao valor da Solidariedade



Proba nº 3 Xenerosidade (Esta proba non ten imaxes de apoio)

Como facer esta proba?
Para realizar esta proba necesitaremos algo que podamos repartir e teñamos accesible: galletas, pinturas,... ou calquera outra cousa que se nos ocorra. Se estamos a facer a proba cun grupo maior de cinco nenos, elixir a un grupo de cinco e deixar ao resto como observadores do que vai pasar. Se o grupo é de cinco ou inferior, repartir directamente as galletas, ou o que teñamos, de maneira desigual. Por exemplo: unha persoa ten 5, outra 3, outra ten 1 e dúas non teñen ningunha. Deixar que se expresen e actúen.
A continuación preguntar: Que lles parece? Están contentos coa repartición? Que podemos facer para que todos estean contentos?

Unha vez completada, entregar o adhesivo correspondente ao valor da Xenerosidade.



Proba nº4 Respecto aos demais

Como facer esta proba?
Mostrar aos nenos/as as ilustracións da proba. Pedir que presten atención ás situacións que mostran as imaxes e preguntar: Que está a pasar? Que temos que facer se vemos isto? Se non se fixan ou non entenden a figura do observador nas imaxes A (o observador tenta deter ao neno que está a pegar ao outro) e B (o observador non fai nada por parar ao neno que se está rindo do compañeiro), explícaselles.
Como está a actuar o observador? Parécenos correcta a súa maneira de actuar?
Na imaxe C non hai observador. Preguntar: Se visedes esta escena (dúas nenas rexeitan a outra que quere xogar con elas), que fariades?
Facer fincapé en que, non só debemos respectar aos demais, senón tamén actuar cando outro neno ou nena non está ao facer.

Proba nº 5 Respecto ao Planeta

A AUGA
Como facer esta proba?
Mostrar aos nenos/ as as ilustracións da proba. Pedir que presten atención ás situacións que mostran as imaxes, referentes ao malgasto de auga e preguntar: Que están a facer mal estes nenos e nenas? Deterémonos en cada escena dándolles tempo para responder. Podemos aproveitar tamén, para preguntarlles se na casa e na escola preocupápanse por non malgastar a auga e lembrarlles a importancia de facelo.

RECICLAMOS
Como facer esta proba?
Mostrar aos nenos e nenas a ilustración da proba. Pedirlles que expresen que ven nesa imaxe e que lles parece o que ven.
Explicar que a nosa misión é limpar a paisaxe e tirar cada residuo no seu contedor correspondente (lembrar os contedores que se usan).
Para iso, sinalaremos un residuo e preguntaremos en que cubo deberíamos tiralo.

Esta é a última das probas dedicadas ao poder do Respecto, polo que unha vez completada, entregar o adhesivo correspondente ao valor do Respecto.



Proba nº6: Superheroes doutros países do mundo

Como facer esta proba?
Mostrar aos nenos/as as fotos. Comentar que van coñecer a Superheroes de verdade doutros países do mundo e a descubrir por que o son. Presentar a Olisa e a Ernesto e pedir que presten moita atención ao que nos van a contar.
Escoitar os sons ou ler as mensaxes de Olisa e Ernesto.
Que nos contaron Olisa e Ernesto que fan cada día? Deternos no que nos comenten que lles chama máis a atención.
Mirar con atención as súas fotos e preguntar:
Que vemos nas súas fotos? Preguntar por como é a escola de Ernesto, se é moi diferente á súa, por que... Insistir na importancia de valorar o que temos.
Por que son Superheroes de verdade? Deixar que se expresen.
Facer fincapé en que Olisa e Ernesto non teñen acceso a tantas cousas como eles, con todo, esfórzanse por estudar, aprender e, aínda que teñan que axudar ás súas familias, sempre terminan os deberes a tempo e nunca se queixan porque teñen que facelos, por iso son Superheroes de verdade. Temos que darnos conta de que outros non teñen a nosa sorte e valoralo.